
Prórroga do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Arteixo, Culleredo e A Coruña, para a coordinación dos servizos de transporte público das súas respectivas competencias con orixe ou destino nas urbanizacións da Zapateira

REUNIDOS:

Dona Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da Xunta de Galicia, segundo designación efectuada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomea aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (publicado no Diario Oficial de Galicia número 94, do 16 de maio de 2022), e en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Dona Inés Rey García, alcaldesa da Coruña, en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Don Carlos Calvelo Martínez, alcalde de Arteixo, en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde de Culleredo, en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar esta prórroga do convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN:

Primeiro.- O 13 de maio de 2019, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e os Concellos da Coruña, Arteixo e Culleredo, asinaron un convenio de colaboración para habilitar ao transporte urbano da cidade da Coruña a estender os seus servizos ás urbanizacións da Zapateira, situadas fóra do seu termo municipal, nos termos municipais de Arteixo e Culleredo, consonte co que se establece no dito convenio.

Segundo.- A cláusula décima -Vixencia- establece que o dito convenio terá vixencia por catro anos a contar dende a súa formalización, mais tamén prevé que *en calquera momento antes da finalización do indicado prazo, as administracións participantes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, ou a súa extinción.*

Valorando os positivos efectos que para as persoas usuarias presenta a actuación obxecto do presente convenio, as partes estiman conveniente proceder á prórroga do mesmo, por catro anos adicionais, ata o 12 de maio de 2027.



De conformidade con todo o exposto, é vontade das partes relacionadas no encabezamento aprobar esta prórroga, consonte coas seguintes condicións,

PRIMEIRA.- Prórroga da vixencia do convenio de colaboración

Prorrógase a vixencia do Convenio de colaboración formalizado o 13 de maio de 2019 entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Arteixo, Culleredo e A Coruña, para a coordinación dos servizos de transporte público das súas respectivas competencias con orixe ou destino nas urbanizacións da Zapateira, nos termos nos que foi redactado, por catro anos adicionais, ata o 12 de maio de 2027. Non obstante, calquera das partes poderán desistir do convenio comunicándollo de maneira fidedigna ás outras cunha antelación mínima dun ano.

SEGUNDA.- No non establecido expresamente neste acordo de prórroga, resultarán de plena aplicación as cláusulas e disposicións do convenio formalizado o 13 de maio de 2019.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan esta prórroga de convenio na data da sinatura electrónica.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

Ethel María Vázquez Mourelle

A alcaldesa da Coruña

Inés Rey García

O alcalde de Arteixo

Carlos Calvelo Martínez

O alcalde de Culleredo

José Ramón Rioboo Castro

